

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 10 de decembro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. José Manuel Mariño Mendoza
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D. Xulio Calviño Rodríguez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta e cinco minutos do día dez de decembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación a Secretaria Xeral do Pleno, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1756).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Por unanimidade de todos os presentes acórdase ratificar a urxencia da sesión.

2(1757).- INFORME PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DO “PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE NAVIA” A FAVOR DA UTE, ANTALSIS-ALDASA. EXPTE. 8925/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 9 de decembro emitido polo xefe da oficina administrativa de Contratación, coa conformidade do interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente as obras do pavillón polideportivo de Navia á UTE ANTALSIS-ALDASA a cal foi cualificada en segundo lugar pola mesa de contratación de data 25 de febreiro de 2009. A obra a executar estará definida en base ós seguintes datos:

Total execución material		2.750.227,21 €
	13,00 % gastos xerais	357.529,54 €
	6,00 % Benef. industrial	165.013,63 €
Total orzamento execución contrata		.272.770,38 €
	16 % IVE	523.643,26 €
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN CONTRATA + IVE		3.796.413,64 €
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN COA BAIXA DO LICITADOR		3.010.948,75 €
	16 % IVE	481.751,80 €
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN CONTRATA + IVE		3.492.700,55 €

Ademais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 32 persoas, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 114 persoas..
- Incrementa a achega ao control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3 %.
- Aportar 32 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Destina a cantidade de 137.511,36 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas co equipamento deportivo na instalación e equipos básicos de auxiliares vinculados coa práctica deportiva.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fe.

kv/me

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.